

Inmigrantes e refuxiados na narrativa galega infantil e xuvenil

Immigrants and Refugees in Galician Narrative for Children and Adolescents

Xabier CAMPOS VILLAR

Universidade de Santiago de Compostela
xcampos@usc.es

RESUMO

Neste artigo o autor revisa algúns aspectos sobre a inmigración que se poden encontrar nalgunhas obras de narrativa galega infanto-xuvenil dos últimos quince anos. É importante sinalar non só a recreación do tópico, senón a proximidade do lector tanto como os grandes valores que están presentes en moitos dos libros analizados.

CAMPOS VILLAR, X. 2003. «Inmigrantes e refuxiados na narrativa galega infantil e xuvenil». *Madrygal (Madr.)*. 6: 33-39.

RESUMEN

En este artículo el autor revisa algunos aspectos sobre la inmigración que se pueden encontrar en algunas obras de narrativa gallega infanto-juvenil de los últimos quince años. Es importante señalar no sólo la recreación del tópico, sino la proximidad del lector así como los grandes valores que están presentes en muchos de los libros analizados.

CAMPOS VILLAR, X. 2003. «Inmigrantes y refugiados en la narrativa gallega infantil y juvenil». *Madrygal (Madr.)*. 6: 33-39.

ABSTRACT

In this paper the author reviews those aspects related to immigration that can be found in many Galician narrative collections published for both children and teens during the last 15 years. It is important to point out not only the novelty of the topic, but also the nearness to the reader as well as the highly values that are present in every reviewed book.

CAMPOS VILLAR, X. 2003. Immigrants and Refugees in Galician Narrative for Children and Adolescents. *Madrygal (Madr.)*. 6: 33-39.

Moito se ten falado da relación da literatura galega coa emigración, tanto por ser un dos temas centrais para os nosos autores e autoras, como por ser un referente físico, nalgún momento o único, para a pervivencia do noso sistema literario. A literatura infantil e xuvenil, posibelmente o subsistema hoxe en día máis normalizado, tampouco foi allea a esta tendencia, se temos en conta que comezou a xermolar nos anos sesenta a partir desta temática, sobre todo na triloxía do neno de Xosé Neira Vilas. O que nas seguintes liñas queremos analizar é a transformación temática que observamos nos últimos anos, e que levou a que os creadores literarios galegos mudasen aqueles temas polos da inmigración e os dos refugiados, que xa conforman na actualidade un núcleo temático de certa relevancia, xa que na nosa pesquisa demos con máis de trinta títulos¹ narrativos publicados nos últimos doce anos. A seguir, faremos un breve percorrido polos aspectos máis salientábeis dalgunhas destas obras, para dar conta, nomeadamente, daqueles recursos que empregan os autores para achegarse ao público lector ao que van dirixidas.

Unha primeira característica que cómpre salientar dentro deste corpus é a dedicación profesional á docencia por parte da maioría dos autores, circunstancia propicia para coñecer de primeira man os gustos e as características psicolóxico-evolutivas dos potenciais receptores. Alén diso, trátase de docentes vencellados cos movementos de renovación pedagóxica que veñen defendendo a inclusión de contidos transversais nas aulas, neste caso a educación para a tolerancia e a paz, dende tempos anteriores a que estes contidos tivesen recoñecemento legal a través da LOXSE. Esta razón explica o marcado didactismo das obras, que en moitos casos ten que comezar por romper unha serie de tópicos e de prexuízos con respecto a determinadas razas, culturas ou seres distintos a nós. É este o caso de *Liño aprende a ser indio*², na que un neno galego, Liño,

dunha idade semellante á dos lectores aos que vai dirixida a obra, dez anos, é o narrador protagonista que amosa a forma de vida dos indios da Pampa boliviana. A obra desenvólvese neste escenario sudamericano e, como non, Liño vese na obriga de rachar cos prexuízos que tiña:

Porque ti cres, como eria eu, que os indios son atrasados e ignorantes. Pero equívocaste. A súa lingua é fermosa, os seus costumes intelixentes e o seu modo de vida está perfectamente adaptado á terra na que viven (...) Porque aprendín a vivir como indio. Os primeiros días e meses resultoume duro, pero pouco a pouco, coa axuda de Runa e dos seus, descubrí que non existe unha única forma válida de entender a vida (p. 11)

Procurando a verosimilitude e a proximidade ao lectorado infantil, aparece a figura de Runa, un neno indio da mesma idade que Liño, que serve de guieiro para coñecer toda a forma de vida, organización social, cultura, relixión e economía, e que, ao mesmo tempo, é unha boa vara de medir a capacidade de asimilación por parte do galego, ata o punto de chegar a afirmar que: «A partir de agora xa non poderei chamarche «gringo»! Dixome Runa aparentemente serio Chamareiche «irmán» ¿De acordo, gringo?» (p. 39). Esa capacidade de adaptación queda patente cando Liño afirma:

Sentín unhas ganas enormes de volver á vida de antes» (...) Pero, por outro lado, ¿estaba tan ben entre os indios! Runa era como un irmán. Qusa e Warmi queríanlle moito. ¿Ea avoa! A avoa tiña un corazón máis grande cá máis grande das montañas (p. 9)

Resulta sorprendente que un pobo como o xitano, que tantas veces padeceu sentimentos racistas, fose tan escasamente levado á literatura polos nosos creadores. Tan só rexistramos o relato que lle dá título a *A Maxia da Bola Metálica e outros contos*³, protagonizado por Xurxo, líricamente descrito nas primeiras liñas:

¹ Para a procura destas obras apoiámonos nas guías de lectura que, baixo o título *A nosa literatura infantil e xuvenil*, publica GALEX dende o ano 1993. Tamén tivemos en conta os *Informes de Literatura*, publicados polo Centro Ramón Piñeiro dende o ano 1995.

² Xosé Ramón Mariño Ferro, Zaragoza: Edelvives, col. Aladelta, destinada no paratexto editorial «a partir dos 8 anos», 1996.

³ Concha Blanco, Vigo: Edicións do Cumio, 1995.

Uns ollos negros, chispeantes, abriáuse na tamén e cura pel. Os beizos finos contrastaban coa redondez da súa pequena cara. Os rizos ensortillábanse aínda máis coas ondas do vento, pendurados pola fronte, as orellas e a caluga.

Xurxo parecía un grande boneco sucio de trapo, que sabía xogar, camiñar, falar... capaz de gañalo sustento diario, estricando a man en pedicha polas rúas... (pp. 9-10).

Como antagonistas deste personaxe aparecen dous nenos paíos, Pablo e María, que gozan de todas as comodidades, de todas as diversións, pero que envexan a liberdade de Xurxo: «¿Que sorte ten o xitano! Argallou Pablo. Sen se erguer cedo para ir ó colexio, sen aguanta-la berra do mestre, sen ter que facer los deberes» (p. 11), mentres que el: «parecía feliz xogando coas pedras que atopaba no chan. Facía castelos, paredes... carrexaba pólas das árbores coas que facía cabanas que seus país derrotaban a diario para queimar na fogueira que á beira da caravana facían» (pp. 10-11).

O neno xitano compartirá con eles o segredo da Bóla Máxica, que vén representar a confianza na imaxinación, e, ao mesmo tempo, comeza a soñar coa súa integración no mundo escolar, soño que converte en realidade.

Outro grupo de obras, dirixidas no paratexto editorial a lectores máis novos, é o das que las protagonizadas por animais que, ou ben veñen de fóra e conseguen integrarse sen ningún problema no noso medio, ou ben son abraíadas testemuñas da incompreensión e da intolerancia que reina no mundo dos humanos. A primeira que podemos citar é *Benvidos*¹, protagonizada por unha parella de esquíos chamados Tik e Tak que proceden da Laponia finesa e, despois de que lle talasen a árbore na que vivían felices, chegan á Coruña nun barco e instálanse nos xardíns de Méndez Núñez. O narrador, omnisciente en terceira persoa, procura ofrecer a maior cantidade de información posíbel referida á realidade da que proceden, como podemos comprobar no seguinte fragmento:

tratándose de Finlandia, calquera lugar que sexa ten que atoparse por forza preto duns lagos ou dunhas lago-

as. Por algo se coñece dende sempre a Finlandia como «O País Dos Mil Lagos». Pero verdadeiramente son moitos máis. Entre lagos e lagoas, suman por xunto trinta e cinco mil, nada menos (pp. 40-41).

En *Benvidos*, a curiosidade característica dos humanos transládase ao mundo animal, xa que os habitantes dos xardíns de Méndez Núñez interpelan os esquíos pretendendo coñecer datos sobre as súas vidas:

Asemade as pombas e mailos paxariños tralo primeiro sobresalto, fóronlles perdendo o medo pouco a pouco, e logo xurdiu pola súa parte unha chea de preguntas para os acabados de chegar.

E tantos eran a preguntar, que os esquíos non daban feito a responder a uns e outros:

- ¿Así que non sodes gatos nin tampouco ratos?

- ¿Pois daquela que sodes?

- Évos un caso ben raro.

- Aínda nunca tal vin.

¿Que dixestes que sodes?

Iso digo eu: ¿que vides vós sendo?

- ¿E tendes ano?

¿Cal é a vosa familia?

- ¿De que casa vides sendo?

¿De quen sodes?

¿Onde nacestes?

- ¿Onde estabades vivindo?

- ¿Como chegastes?

- ¿De onde sodes?

- ¿Cando viñestes? (pp. 97-98).

No segundo grupo das obras protagonizadas por animais estaría incluída *O soño do merlo branco*². Neste caso é a merla Bulbule quen actúa como narradora; percorre o ciclo vital da súa especie, dende que está no niño, ata que aprende a voar, a defenderse, a conseguir alimentos, etc. e mesmo chega a ter a súa propia familia. A relación cos inmigrantes aparece no capítulo titulado «Un descubrimento prodixioso», é aí onde atopamos o seguinte fragmento:

Todos os Humanos, como sabe calquera merlo, teñen a pel dun branco rosado. É verdade que a moitos deles poñen os brazos e a cara dunha cor máis escura, pero

¹ Manoel Riveiro, Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, 1996.

² Agustín Fernández Paz, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, 2000.

eu xa sabía que era pola exposición ó sol. Sabíao porque, cando se espían, podía verlles a pel debaixo da roupa. En cambio, as Persoas que viu saír da casa azul... ¡riñan a pel de cor negra! Non era un negro tan brillante coma o dos merlos machos, pero si igualaba a cor escura das miñas plumas (pp. 43-44).

Inmediatamente, Bulebule asocia esta cor de pel con algo prodixioso, lembrándose da tradición oral que circula entre os membros da súa especie segundo a cal, a aparición dun merlo branco agoira feitos prodixiosos, pero de contado observa que a existencia da nena negra caracterízase pola soitude na que vive durante todo o día e pola tristura do seu ollar, contra a que loita do seguinte xeito:

Entón comencei a cantar. Está feo que o diga eu, pero pódese crer, saíronme uns rechouchíos onde se notaban as moitas leccións que Papá me dera. Era unha melodía fermosísima, uns sons harmoniosos que provocaron o milagre: ¡por primeira vez, a Nena Negra estaba sorrindo! Sorría, e a risa non estaba só na súa boca, senón tamén nos seus ollos, que brillaban cheos de alegría. ¡E iso conseguíao eu! (p. 46).

A merliña, narradora e protagonista, decide dar un paso máis e coñecer o destino dos pais da súa amiga e atópaos na cidade, o pai como traballador da construción, bastante mal mirado polos compañeiros:

Había outros homes canda el ocupados no mesmo labor, pero ningún lle facía caso. Ata me pareceu descubrir olladas hostis nalgúns dos que estaban preto. Aquelo deixóume desconcertada. ¿Tan cegas eran as Persoas que non reparaban na existencia do Home Negro? (p. 60).

O momento climático da novela chega nun ataque xenófobo que nunha noite sofre a familia negra, e que Bulebule narra do seguinte xeito:

De súpeto, reparci nalgunhas Persoas que se movían sen facer ruído ningún. Chamáronme a atención, era raro que estivesen espertas a aquelas horas. Fóronse achegando á casa azul e, sempre en total silencio, baldeáron o redor dela o contido duns bidóns que levaban nas mans. Despois afastáronse e montaron nun coche

que había algo máis abaixo. Un deles, dende a ventá, lanzou unha pequena bóla de lume que foi caer a carón da porta. E logo o coche púxose en marcha e fuxiu de alí en dirección a Cidade (...) comencei a oír berros dentro da casa e, de seguida, as tres Persoas Negras saíron dela ás presións. A Nena choraba con desconsolo, parada fronte ó lume; o Home e a Muller aínda volveron entrar varias veces, para sacar paquetes que ían amoreando ó pé da súa filla (pp. 73-74).

Segundo aumenta a idade dos potenciais lectores, as tramas argumentais complícanse; aparecen temas como a violencia física, a prostitución, os secuestros, a adición e o tráfico de drogas, todos eles moi relacionados cos inmigrantes, e coas mafias que controlan a súa chegada ao país de destino e o seu traballo en precarias condicións. Boa proba disto é *Isilda, a portuguesa*¹, unha novela policíaca que reúne as características propias deste xénero, xa que o argumento xira ao redor do secuestro dunha moza portuguesa de dezaseis anos, Isilda, inmigrante en Galicia por razóns familiares e económicas, e a posterior investigación do suceso. Deste proceso esculpador ocúpase o detective galego-cubano Ron Negríña, que xa figura na primeira novela de Cristina Frasié, a titulada *Mambo negro*, e que ten unhas difusas orixes:

Había tempo que esquecera o seu verdadeiro nome, Ronaldo Negresco, a súa derradeira lembranza dun pai medio romanés, emigrante en Cuba -exiliado ó seu ver- e casado cunha galega que atopou a morte nun portal ruinoso, nunha fría noite de inverno, mentres estaba a se procurar o xantar para ela e mais a súa familia (p. 15).

Non falta, tampouco, o recurso aos tópicos referidos á inmigrante portuguesa, como se pode comprobar nestoutros exemplos:

O único que non aturaba dos portugueses era o seu xeito de conducir ¡Inferible! El ocupaba un carril da autoestrada e viase obrigado a ceder o paso ós autos que proviñan dunha ramal colateral (p. 33).

Os costumes portugueses achéganse máis ós dos ingleses ca ós nosos; comen cedo, deítanse case á noiteña (p. 33).

As mesmas características de novela policial, presenza de inmigrantes portugueses que so-

¹ Cristina Frasié, *Isilda, a portuguesa*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, «A partir de 15 anos e para adultos», 1995.

fren violencia e morte, prostitución e idade á que vai dirixida están presentes na novela *A chave das nozes*.

Mención á parte merece *Calella sen saída (O dilema dun inmigrante)*¹ por varias razóns. En primeiro lugar, e se lle facemos caso ao paratexto editorial, estaríamos diante da primeira obra escrita na nosa lingua por un camerunés, xa que non figura o nome do traductor. Agora ben, ao consultarmos os catálogos da editorial viguesa sabemos que foi traducida por Ramón Loureiro co cal quedaría fóra do corpus de obras sobre o que facemos o noso estudio. Malia a esta circunstancia, cónpre ter en conta que, tal e como afirma Francisco Martínez Bouzas, estamos diante do «primeiro relato – ou un dos primeiros – escrito nun dos sistemas literarios hispanos sobre o drama da inmigración clandestina»². Sexa como for, Víctor Omgbá é o primeiro inmigrante ilegal que se atreveu a dar a coñecer todas as penalidades polas que pasou ata atopar unha certa estabilidade laboral na cidade da Coruña. Este atrevemento permítenos coñecer dende dentro a ruptura das falsas expectativas que se lles crean aos inmigrantes por parte dos seus propios compañeiros:

comezaba a decatarse de que, tal vez, tiña construído un mundo irreal, cheo de ilusións. Un mundo imaxinario que se forxara dende as primeiras cartas do seu amigo ata o derradeiro chanzo das escaleiras que levaban ó seu piso. Fíxerase á idea de que coñecería unha vida selectiva, organizada, opulenta, racional... á europea; e iso contrastaba coa realidade que via chegar ás alcandadas (p. 22).

Tampouco é alleo Antoine Joseph Ngounou, trasunto de Víctor Omgbá, aos tópicos sobre a inmigración, tal e como acontecía con outros personaxes de obras que fomos citando ao longo deste traballo. Posibelmente o máis duro sexa a afirmación do pai de Emma, a súa namorada, cando sabe da relación. Unhas palabras que o narrador cita textualmente:

O seu pai, cando o soubo, aínda se amosou máis hostil e díxolle «¡Coidado!, esa xente vén aquí cunha destas

dúas intencións: ou ben casar para regularizar a súa situación e abandonararte pouco despois, ou ben casar e levarte á África (p. 141).

Malia a esta humillación, á precariedade laboral, ao desleixo das distintas administracións, ao trato policial, e á impotencia xeral para resolver a situación, a principal preocupación do protagonista é a alienante forma de vida dos seus compatriotas en Madrid, que os leva a introducirse no mundo da opulencia e da aparencia:

Antoine estaba á vez intrigado e sorprendido. Intrigado, pola obsesión coa que uns e outros querían demostrar que tiñan máis para gastar, que tiñan mellor coche, que tiñan as mellores roupas. E sorprendido polo desenfrenco con que esta cuadrilla de inmigrantes tentaba pasar a noite (...) a través das súas caras podíase ver debuxado o orgullo, a vaidade, a presunción (pp. 57-58).

Ademais da lingua inicial na que foi escrita, outra das razóns polas que nos cuestionamos a inclusión desta obra no presente traballo é a falta de xustificacións claras para a súa publicación dentro da colección «Costa Oeste», que pretende chegar a un público xuvenil a través de obras de ficción nas súas máis variadas manifestacións: novelas de pandas, ficción científica, xénero policiaco, novelas iniciáticas, etc., pero nunca antes de *Calella sen saída* a través dunha crónica da vida real. E dicimos isto polo que este volume ten de reflexión crítica sobre a situación dos países africanos subsaharianos, tal e como podemos ver no seguinte fragmento:

era certo que no seu país ía moi mal todo, e que a situación desmoronábase sen remedio: o analfabetismo, a fame, a desertización, as guerras, o nepotismo, a corrupción, a ineficacia da administración pública, a personalización do poder, a dictadura... (p. 29).

Ou nestoutro, no que o narrador afonda na descrición dos problemas políticos, sociais e económicos, alén de comparar a situación presente co momento da descolonización «oficial»:

¹ Xabier Puente Docampo, A Coruña: Via Láctea, col. Narrativa, 1987.

² Víctor Omgbá, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, 2001.

³ www.ctv.es/USERS/Revista/Maio (20 maio do 2002).

Antoine sabía que as sociedades africanas actuais ofrecían, en xeral, as mesmas características, quizais aínda máis agravadas, cás dos anos da independencia. No que se refire á África Negra, o clima político, social e económico quedou estancado, sen conseguir moverse.

Guerras, famas, liberdades amortizadas e restrinxidas, violación dos dereitos humanos, personalización do poder político, falta de colaboración entre os mandatarios e o pobo, ausencia de democracia, desequilibrio sostenido polos clans e o tribalismo, todo unido a inxerencias estranxeiras de todo tipo conforman hoxe a realidade de certos reximes africanos (p. 119).

Con todo, o protagonista decátase de que non todos os inmigrantes teñen a mesma consideración, o mesmo trato por parte das autoridades, das administracións e da policía. Dáse conta de que o problema de fondo é o capitalismo brutal das sociedades que están a recibir inmigrantes:

Os futbolistas e os demais deportistas africanos raramente se enfrontan á realidade da regularización administrativa e das dificultades de administración. A súa situación económica permítelles desmarcarse das diferentes presións sociais padecidas aquí e alá pola maioría e permítelles gozar dunha estima incomparable (...) O problema do racismo e do rexeitamento ós estranxeiros, a fin de contas, non é máis que unha loita de clases: pobres e ricos. (...) Se es rico, ábreche os brazos, acóllente, idólatrante; o racismo vese superado, daquela, polas esixencias do capitalismo. Pero se es pobre, morren contigo as normas da fraternidade, da solidariedade, do humanismo e da aceptación. (pp. 194-195).

Unha realidade próxima á dos inmigrantes, quer polas situacións descritas, quer polos recursos empregados polos autores, é a dos nenos refuxiados que dende os máis variados lugares do mundo acoden a pasar unha tempada a Galicia. Esa estadia aproveítana para coñecer o país que os acolle, e para sorprenderse con «comodidades» que para nós son de uso cotiá como a auga corrente, a luz eléctrica, a televisión, etc. É este o caso de *Unha rainha negra*¹¹, destinada a nenos e nenas de nove anos en diante, e narrada por un neno desta mesma idade, como podemos comprobar pola descrición que fai de Aba, esc

seu irmanciño alxeriano co que compartiu un verán:

chegou descalzo e traía unha camiseta toda rachada, como se tivese unha pelexa (...) Estaba moi delgado por todo menos pola barriga, que a tiña inchada, coma se trouxese ali outro irmán ou coma se fose unha mamá canguro (...) Aba naceu nun país moi grande e fala o tarzanés (...) Chiaba por todo coma os bebés, e iso que ten dez anos. Cando o levaban á festa e botaron os foguetes, tirouse axiña ó chan (tapando a cabeza cos brazos.

¡Medo! ¡Medo! ¡Matar! (pp. 79-80).

O mesmo tema, pero distinta procedencia é a do protagonista de *E un día chegou Miroslav*¹², un neno serbio-croata duns dez anos, que dá a coñecer os primeiros problemas que ten un inmigrante cando chega a un país estranxeiro, sendo un dos máis destacados a falta de comprensión lingüística. No caso desta obra tratan de resolver os pais de Nelo, o neno acolle na súa casa a Miroslav, do seguinte xeito:

Non te preocupes por iso –continuou a mamá–. Ben sabes que Miroslav leva un ano vivindo en Barcelona e aprendeu a desenvolverse perfectamente en catalán e castelán, así que non imos ter problemas de entendemento. Ó contrario, aínda che pode aprender el o serbio-croata.

–¿E para que quero aprender eu serbio-croata?

Xa che teño dito que aprender unha lingua é coma introducirse na cultura e na maneira de ser dun pobo. E se imos convivir con Miroslav, mellor será que coñezamos ben a súa terra.

Nunha situación parecida á de Miroslav está Tawala, a protagonista de *A serea do deserto*¹³, que conta cunha dedicatoria ben evidente por parte do autor: «Para a Fatma, sempre no recuerdo, e para todo o pobo saharauí». As coincidencias son moitas coa obra anterior, entre as máis destacadas hai que salientar a presenza en ambas dun narrador infantil próximo ao lector ao que se dirixe o libro, e que non só conta as aventuras que viven xuntos, senón tamén as súas propias inquedanzas e recelos con respecto ao seu compañeiro estranxeiro, como se aprecia neste fragmento:

Dende que miña nai me dixo que íamos ter na casa, durante o pasado verán, a nena do deserto, eu tiven dúbidas. Moitas dúbidas, teño que recoñecelo. O primeiro que se me ocorreu foi preguntar por qué non tiñamos unha ir-

¹¹ Fina Casalderrei, Barcelona: Edebé-Rodeira, 1998.

¹² Xoán Babarro e Ana María Fernández, Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, 1997.

¹³ Xavier López Rodríguez, Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, 1997.

manciña de verdade. Pero cando miña nai me preguntou se iso me gustaría eu xa estaba chea de dúbidas.

Cando falaba coas veciñas ou coas miñas avoas, miña nai dicía que o de traer unha rapaza do deserto durante o verán era sobre todo para que eu aprendese a compartir, para que non crecese tan egoísta e mexeriqueira como adoitan se-las fillas únicas (p. 14).

Outra coincidencia entre as dúas obras é o marcado didacticismo, xa que as intervencións dos personaxes adultos apróveitanse para ofrecer leccións de historia dos lugares de procedencia dos nenos refuxiados, como se pode comprobar no seguinte parágrafo:

Meu pai contoume ese día que España fora ama de case medio mundo. Que conquistara case toda América e que o Sáhara, que está en África, foi un dos últimos territorios que deixou. Pero que fixo as cousas mal. Por iso, en vez de queda-lo país para os saharauís, apropiouse del un veciño que se chama Marrocos. (...) Dixome meu pai que moitos saharauís non quixeron ser marroquis e que marcharon camiñando quilómetros e quilómetros (...) por iso Tawala e tódolos seus irmáns e tamén tódolos saharauís máis novos naceron xa no deserto, en tendas de acampamento. E o peor do caso é que todas esas familias teñen as súas casas, pero quitáronlles as bocas os marroquis, que deben ter moito morro (pp. 28-29).

Conclusiones

Galicia, antes país de emigración, éo agora de recepción de inmigrantes, aínda que

en menor número¹³ que no resto do Estado, circunstancia que levou a que os nosos autores e autoras de narrativa infantil e xuvenil creasen unha liña temática que aborda esta situación. Trátase de obras moi variadas dende o punto de vista formal, pero que reúnen unha serie de características comúns:

—Procurar a maior proximidade posíbel ao lectorado potencial, que xeralmente se consegue ao introducir un narrador infantil con inquietudes e intereses comúns co lector tamén infantil.

—Expoñer unha imaxe pacífica, educada e racional dos inmigrantes, bastante afastada doutras, desgraciadamente demasiado estendidas, que os consideran unha ameaza para os postos de traballo, para a integridade física, e mesmo para os valores culturais propios.

—Servir de denuncia das diversas situacións de marxinalidade polas que pasa quen chega a un país estranxeiro nunhas condicións de desigualdade.

Todo isto demostra, ao noso entender, a vitalidade e o compromiso dos creadores da literatura infantil e xuvenil galega coa realidade que os rodea, tentando divulgar no lectorado valores tan necesarios como a tolerancia e o respecto cara a quen é diferente de nós, física ou culturalmente.

¹³ Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, ao longo da última década Galicia tivo a porcentaxe de crecemento da poboación máis baixa da península, e foi única cun incremento da poboación estranxeira inferior ao 10%. En definitiva, no noso país a porcentaxe de estranxeiros representa o 1.1 % da poboación total, fronte ao 3.4% de media no resto do Estado.